

# EMPREGO VERDE NAS RESERVAS DE BIOSFERA

Recursos do Territorio e Ferramentas para a Súa Posta en Valor

Lugo

18 marzo - 12 abril 2019

## Programa

Accións gratuítas cofinanciadas polo FSE  
*Conseguir formación e un emprego de calidade*

## EMPREGO VERDE NAS RESERVAS DE BIOSFERA

### RECURSOS DO TERRITORIO E FERRAMENTAS PARA A SÚA POSTA EN VALOR NAS RESERVAS DE BIOSFERA DE LUGO

As Reservas de Biosfera, como elementos clave para o desenvolvemento do programa Man & Biosphere da UNESCO, son concibidas como territorios cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza. Este proxecto busca afondar neste modelo de desenvolvemento como fonte de emprego verde, dentro do territorio incluído nas Reservas de Biosfera galegas e asturianas.

O patrimonio natural, cultural, paisaxístico, gastronómico, etc. existente no territorio das Reservas de Biosfera constitúe un valioso conxunto de recursos susceptibles de ser postos en valor en distintos ámbitos, como o educativo, o social ou o económico. Ábrese, pois, unha oportunidade para a creación de emprego verde baseada nos propios recursos endóxenos do territorio.

Este curso forma parte do proxecto “[Puesta en valor de los recursos naturales y patrimoniales de Reservas de Biosfera de Galicia y Asturias](#)”, cofinanciado polo FSE a través do Programa Empleaverde da [Fundación Biodiversidad](#), e a través do que o CEIDA pretende contribuír con este proxecto a través da formación de desempregados/as para facilitar a súa posterior incorporación ao mercado laboral.

## OBXECTIVOS

- Facilitar o coñecemento sobre os recursos naturais e patrimoniais presentes nas distintas Reservas de Biosfera galegas.
- Capacitar na adquisición de ferramentas de posta en valor dos recursos naturais e patrimoniais en distintos ámbitos (educativo, social e económico) baixo criterios de sustentabilidade.
- Formar nas técnicas básicas de educación ambiental e interpretación do patrimonio.
- Dar a coñecer o potencial das Reservas de Biosfera para a produción agroalimentaria sostible e de proximidade, e a creación de emprego verde.

## ORGANIZACIÓN

**Duración:** 160 horas

**Horario:**

- Do 18 ao 22 de marzo: mañás de 9 a 14:30 h e tardes de 16 a 19 h.
- Do 25 de marzo ao 12 de abril: mañás de 9 a 14 h. e tardes de 16 a 19 h.

**Localización:** Aula 10 (Aulario 3), Escola Politécnica Superior de Lugo.

O curso estrutúrase en **tres bloques formativos** de contidos teórico-prácticos impartidos por expertos nas distintas materias e incluírán **visitas de campo** para o coñecemento *in situ* de distintos elementos de interese tratados durante o curso.

- **Módulo 1. Interpretación do patrimonio natural e cultural.**

Este módulo aportará as claves para o coñecemento e aplicación da Interpretación do Patrimonio, estratexia de comunicación que revela o sentido dun lugar, obxecto ou persoeiro ao público visitante. A mensaxe que transmite pódese ofrecer a través de diversos medios interpretativos e/ou a través de persoas que realizan ese traballo mediante un contacto directo con ese público, como guías intérpretes.

Polo tanto, a interpretación concíbese como unha ferramenta, unha metodoloxía de comunicación dispoñible para calquera profesional que teña entre as súas funcións a atención a un diverso tipo de visitantes considerados como público “non cautivo”.

Duración: 40 horas.

- **Módulo 2. Educación, Documentación e Información Ambiental.**

Segundo se definiu no Seminario Internacional de Educación Ambiental de Belgrado o ano 1975 o obxectivo da Educación Ambiental é formar unha poboación consciente e preocupada co medio ambiente e cos problemas asociados, e que teña coñecemento, aptitude, actitude, motivación e compromiso para traballar individual e colectivamente na procura de solucións para os problemas existentes e para previr novos.

Neste módulo coñeceranse as claves da Educación Ambiental en Galicia e conceptos para o seu deseño, planificación, execución e avaliación, ademais das claves para a documentación e procura de información ambiental claves para tanto para o coñecemento do territorio como para a realización de programas de Educación Ambiental.

Duración: 80 horas.

- **Módulo 3. Coñecendo os recursos do territorio.**

Este último bloque facilitará ao alumando os coñecementos sobre os recursos patrimoniais e naturais susceptibles de ser postos en valor nas tres Reservas de Biosfera presentes na provincia de Lugo: Terras do Miño, Ancares Lucenses e Río Eo, Oscos e Terras de Burón, ademais de proporcionar conceptos básicos en materia de produción agroalimentaria sostible no territorio, circuitos curtos de comercialización e posta en valor a través de circuitos curtos de comercialización.

Duración: 40 horas.

## CRONOGRAMA

18-mar	19-mar	20-mar	21-mar	22-mar	23-mar	24-mar
M1 - IP	FESTIVO	M1 - IP	M1 - SAIDA	M1 - IP		
25-mar	26-mar	27-mar	28-mar	29-mar	30-mar	31-mar
M2 - EA	M2 - EA	M2 - EA	M2 - EA	M2 - EA		
1-abr	2-abr	3-abr	4-abr	5-abr	6-abr	7-abr
M2 - EA	M2 - EA	M2 - EA	M2 - EA	M2 - SAIDA		
8-abr	9-abr	10-abr	11-abr	12-abr	13-abr	14-abr
M3 - RECURSOS	M3 - RECURSOS	M3 - RECURSOS	M3 - RECURSOS	M3 - SAIDA		

## Módulo I - INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL

Imparte Jorge Morales Miranda, especialista en interpretación do patrimonio

### Luns 18 de marzo

9.00 h. **Inauguración e presentación dos obxectivos do curso.**

Mañá de 9 a 14:30 h e tarde de 16 a 19 h. **Curso teórico-práctico.**

### Martes 19 de marzo

Mañá de 9 a 14:30 h e tarde de 16 a 19 h. **Curso teórico-práctico.**

### Mércores 20 de marzo

Mañá de 9 a 14:30 h e tarde de 16 a 19 h. **Curso teórico-práctico.**

### Xoves 21 de marzo

**Visita de estudo a equipamentos e actividades de Interpretación Ambiental e Cultural das Reservas de Biosfera de Lugo.**

### Venres 22 de marzo

Mañá de 9 a 14:30 h e tarde de 16 a 19 h. **Curso teórico-práctico.**

## Módulo II – EDUCACIÓN, DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN AMBIENTAL

### Luns 25 de marzo

09.00 – 11.30 h. **Retos ambientais globais e locais.**

Araceli Serantes Pazos, profesora de Educación Ambiental e Cultura da Sostibilidade na Universidade da Coruña.

12.00 – 14.00 h. **Que é a Educación Ambiental?**

Araceli Serantes Pazos, profesora de Educación Ambiental e Cultura da Sostibilidade na Universidade da Coruña.

16.00 – 19.00 h. **Historia da Educación Ambiental.**

Pablo Meira Cartea, Profesor Titular de Educación Ambiental na Universidade de Santiago de Compostela.

### Martes 26 de marzo

09.00 – 11.30 h. **A educación ambiental en Galicia.**

Miguel Pardellas, Educador Ambiental e Investigador en materia de Educación, Movements Sociais e Participación Social na Universidade de Santiago de Compostela.

12.00 – 14.00 h. **Boas Prácticas en Educación Ambiental.**

Miguel Pardellas Santiago, Educador Ambiental e Investigador en materia de Educación, Movements Sociais e Participación Social na Universidade de Santiago de Compostela.

16.00 – 19.00 h. **Boas Prácticas en Educación Ambiental.**

- Programa de EA do CEIDA : Sergio París Gómez, Coordinador de programas de EA e Espazos Naturais Protexidos, CEIDA.
- Programa Revitaliza: Manuel Domínguez Rey, Ventos Estudos Ambientais.

### Mércores 27 de marzo

09.00 – 14.00 h. **Información e Comunicación Ambiental.**

Javier Rico, periodista ambiental.

16.00 – 19.00 h. **Documentación Ambiental.**

Ana B. Pardo Cereijo, Documentalista Ambiental, Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga do CEIDA.

### Xoves 28 de marzo

Mañá de 9 a 14 h e tarde de 16 a 19 h. **Xornada teórico-práctica sobre perspectiva de xénero en Educación Ambiental.**

Isabel Fernández Domínguez, Consultora y formadora freelance en Comunicación Patrimonial y Accesible, Interpretación del Patrimonio, Participación y Ecoturismo y Educación Ambiental.

### Venres 29 de marzo

Mañá de 9 a 14 h e tarde de 16 a 19 h. **Xornada teórico-práctica sobre inclusión da diversidade funcional na Educación Ambiental.**

Isabel Fernández Domínguez, Consultora y formadora freelance en Comunicación Patrimonial y Accesible, Interpretación del Patrimonio, Participación y Ecoturismo y Educación Ambiental.

### Luns 1 de abril

Mañá de 9 a 14 h e tarde de 16 a 19 h. **Deseño, planificación e desenvolvemento de proxectos de Educación Ambiental.**

Isabel Fernández Domínguez, Consultora y formadora freelance en Comunicación Patrimonial y Accesible, Interpretación del Patrimonio, Participación y Ecoturismo y Educación Ambiental.

### Martes 2 de abril

Mañá de 9 a 14 h e tarde de 16 a 19 h. **Deseño, planificación e desenvolvemento de proxectos de Educación Ambiental II.**

Isabel Fernández Domínguez, Consultora y formadora freelance en Comunicación Patrimonial y Accesible, Interpretación del Patrimonio, Participación y Ecoturismo y Educación Ambiental.

### Mércores 3 de abril

Mañá de 9 a 14 h e tarde de 16 a 19 h. **Avaliación de actividades de Educación Ambiental.**

Isabel Fernández Domínguez, Consultora y formadora freelance en Comunicación Patrimonial y Accesible, Interpretación del Patrimonio, Participación y Ecoturismo y Educación Ambiental.

### Xoves 4 de abril

Mañá de 9 a 14 h e tarde de 16 a 19 h. **Xestión e facilitación de grupos. Ferramentas e metodoloxías.**

Rexenerando, S. Coop. Galega.

### Venres 5 de abril

**Visita de estudo a equipamentos de Educación Ambiental das Reservas de Biosfera de Lugo.**

## Módulo III: – COÑECENDO OS RECURSOS DO TERRITORIO

### Luns 8 de abril

9.00 – 11.00 h. **Introdución:**

- **A protección do patrimonio natural: historia e conceptos básicos.**
- **O estado do Medio Ambiente en Galicia.**
- **Figuras de protección existentes.**

Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos.

11.00 – 14.00 h. **As Reservas de Biosfera:**

- **Reservas de Biosfera: concepto e historia.**
- **Principios das Reservas de Biosfera.**
- **Zonificación de Reservas de Biosfera.**
- **Redes de Reservas de Biosfera.**
- **Oportunidades para o territorio**

Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos.

16.00 – 19.00 h. **As Reservas de Biosfera de Galicia: descrición, potencial e proxectos en marcha.**

Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos.

### Martes 9 de abril

9.00 – 11.30 h. **Patrimonio xeolóxico.**

Juan Ramón Vidal Romaní, Profesor Emérito Catedrático de Xeoloxía da Universidade da Coruña e Académico Numerario da Real Academia Galega de Ciencias.

12.00 – 14.00 h. **Hábitats e vexetación.**

Jaime Fagúndez Díaz, Doutor en Bioloxía e Profesor de botánica da Universidade da Coruña.

16.00 – 19.00 h. **Fauna.**

Martiño Cabana Otero, Roberto Hermida Lorenzo e Óscar Rivas López, Asociación Galega de Custodia do Territorio.

## **Mércores 10 de abril**

09.00-10.30 h. **Do meu patrimonio ao patrimonio común: consciencia, memoria e identidade. O Patrimonio Cultural e o Desenvolvemento Sostíbel.**

11.00 – 12.30 h. **Cousa das Xanas! Do inmaterial ao material. A riqueza do Patrimonio Cultural das Reservas da Biosfera da provincia de Lugo**

12.30 – 14.00 h. **Patrimonio Cultural a moreas... Unha viaxe polos recursos do territorio nas Reservas da Biosfera da provincia de Lugo**

Sesión de mañá a cargo de: Encarna Lago González, Xerente da Rede Museística Provincial de Lugo; Silvia Fiallega Lorenzo, Historiadora. Auxiliar de Sala da Rede Museística Provincial; Carolina Casal Chico, Hª da Arte. Xestora Cultural. Rede de Estudos Medievais da USC.

16.00 – 17.30 h. **Recursos gastronómicos.**

Luis Paadín, Presidente de Asociación de Sumilleres Gallaecia.

17.30 – 19.00 h. **Da macro á micro-historia. De persoeirxs, de personaxes e das xentes das Reservas da Biosfera da provincia de Lugo. A Historia entre todxs, patrimonio común.**

Encarna Lago González, Xerente da Rede Museística Provincial de Lugo; Silvia Fiallega Lorenzo, Historiadora. Auxiliar de Sala da Rede Museística Provincial; Carolina Casal Chico, Hª da Arte. Xestora Cultural. Rede de Estudos Medievais da USC.

## **Xoves 11 de abril**

09.00 – 11.30 h. **Produtos locais e marcas de calidade.**

12.00 – 14.00 h. **Marcas de calidade nas Reservas de Biosfera.**

16.00 – 17.30 h. **Comunicación e comercialización de produtos locais**

17.30 – 19.00 h. **Plan alimentario da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo**

Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos.

## **Venres 12 de abril**

09.00 h. **Entrega de diplomas e clausura do curso.**

09.45 h. **Visita de estudo a recursos naturais e patrimoniais das Reserva de Biosfera de Lugo.**